

A Baixa Idade Media en Europa

(páxina 122)

A crise do século XIV

1. Que tres grandes calamidades sufriron todos os países europeos no século XIV?

Todos os países europeos sufriron durante o século XIV tres grandes calamidades: as guerras, a peste e a fame.

2. Cal foi a guerra máis longa e devastadora? Quen se enfrontou? Que pasou nos resto dos reinos cristiáns?

Foi a chamada a Guerra dos Cen Anos (1337-1457), na que se enfrontaron Francia e Inglaterra. Nos restos dos reinos houbo loitas entre señores feudais e señores feudais contra os reis.

3. Eran frecuentes as epidemias nesa época? Cal foi a máis importante?

As epidemias de peste foron frecuentes, pero a máis importante foi a peste negra.

4. Por que houbo grandes fames nesta época?

Polas mala colleitas debido ás malas condicións climáticas.

As consecuencias da crise

5. Establece as consecuencias da crise.

SECTOR	CONSECUENCIAS
Poboación	descendeu significativamente. Máis do 25%
Economía	decreceu porque baixou a produción agraria, os produtos artesanais e o comercio.
Sociedade	incremento dos conflitos no campo e na cidade.
Arte	paralizáronse as construcións e aparecen temas que expresan o pesimismo da época.

A recuperación do século XV

6. Explica por que o século XV é un século de recuperación. Sinala que pasou cos reis, coa poboación, coa economía e a sociedade.

O século XV foi un século de recuperación porque os reis impuxéronse sobre os señores feudais, a poboación comezou a crecer, a economía recuperouse, buscáronse novas rutas comerciais que levou aos grandes descubrimentos xeográficos, restableceuse a paz social e transformouse a mentalidade cara un maior humanismo.